



aula

RAMÓN
CABANILLAS

1876-1959

1976
LETRAS
GALEGAS

a súa vida

Ramón Cabanillas Enríquez, nace o 3 de Xullo de 1876 en Fefiñáns, Cambados. Asiste na súa aldea á escola de neno e no 1889 estuda no seminario de San Martiño Pinarío en Compostela.

En 1893 traballa no Concello de Cambados como oficial de contabilidade.

En 1910 embarca para Cuba deixando a muller e os fillos "para saber aquilo de América", toma contacto coa intelectualidade galeguista emigrante.

En 1915 regresa a Cambados, en 1920 é elexido membro da Academia Galega e en 1929 forma parte da Real Academia Española. Pasa a residir en Madrid e cando estala a sublevación do Xeral Franco cambiase para Valencia.

Pasou os seus anos finais en Galiza entre o mosterio de Samos e Cambados.

Morreu o 9 de novembro de 1959 na casa dunha filla en Cambados.

a súa obra

*Compostela é miña terra,
deixeina sete anos hai,
relucinte en sete soles,
brillante como un altar.
Cóllase a min meu velliño,
imos xuntos camiñar.
Eu son troveiro das trovas
da virxe de bonaval*

NO DESTERRO (1913). / VENTO MAREIRO (1915). / DA TERRA ASOBALLADA (1917). / O VENDITO SAN AMARO (1925). / NA NOITE ESTRELECIDA (1926). / A ROSA DE CEN FOLLAS (1927). / CAMIÑOS NO TEMPO (1949). / DA MIÑA ZANFONA (1954). / VERSOS DE ALLEAS E DE TEMPOS IDOS (1955). / SAMOS (1958).

